



# CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

## ACTA 2023-4

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO EXTRAORDINARIO

14 de Xuño de 2023

Lugar

**SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO**

Hora de Inicio

**10:09**

Hora de Finalización

**11:17**

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA  
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA  
Interventor: .

### MEMBROS ASISTENTES

ANTONIO VAZQUEZ COSTA  
DANIEL DE DIOS MANSO  
EMILIO JOSE COSTA GARCIA  
JOSE RAMON LOPEZ PEREZ  
JOSÉ LUIS SANTIAGO RODRÍGUEZ  
MARIA CARMEN MANSO RODRIGUEZ  
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ  
XOSE BARXA BRANCO

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

## ACORDOS:

### 1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 02.05.2023 (ACTA 2023/3)

Tralas eleccións locais celebradas o día **28 de mayo de 2023**, de conformidade có disposto no artigo 195.1 da lei 5/1985 de Réxime Electoral Xeral, procederá a celebración da **sesión constitutiva do Concello**, que terá lugar o **vixésimo día posterior á celebración das eleccións**, isto é, o vindeiro día **17 de xuño de 2023**.

De conformidade có **artigo 36.1 do Real Decreto 2568/1986**, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais: **“O terceiro día anterior ao sinalado pola lexislación electoral para a sesión constitutiva dos concellos, os concelleiros cesantes, tanto do Pleno como, no seu caso, da Xunta de Goberno, reuniranse en sesión convocada ao só efecto de aprobar a acta da última sesión celebrada”**

Así pois, convocouse a presente sesión para dar cumprimento á devandita disposición regulamentaria, coa única finalidade se someter á aprobación do **Pleno** a acta da derradeira sesión que se celebrou.

A acta apróbbase por **unanimidade** dos presentes, asistentes á sesión de referencia.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

O Sr. Alcalde fai uso da palabra para agradecer a tódolos membros do Pleno a súa colaboración ao longo do mandato que ven de rematar, da que foi a **decimo primeira corporación municipal** desde a entrada en vigor da Constitución de 1978.

Lembra que foron catro anos exentos de polémicas e de respecto nas sesións plenarias, cousa que agradece aos presentes.

Desexa sorte a todos os que non van formar parte da nova corporación, resultado das eleccións, Srs. **Antonio Vázquez Costa** e **José Luis Santiago Rodríguez (PSdeG-PSOE)** **Emilio José Costa García (PP)** e **Xosé Barxa Branco (BNG)**

O Sr. **Barxa Branco (BNG)** corresponde, felicitando ao Sr. Alcalde pola súa reelección para o cargo e loubando o seu ánimo para adicarse á tanta veces ingrata -dí- xestión da cousa pública nun pequeno concello. Apela a que os integrantes da nova corporación, saída das eleccións do pasado 28 de maio, traballe a reo e reme na mesma dirección polos intereses xeráis dos veciños do concello.

O Sr. Costa García (PP) traslada a noraboa do seu grupo ao Sr. Alcalde pola súa reelección e desexa que a nova corporación non atope problemas na súa xestión; e que se traballe en beneficio do concello.

E así, remata a derradeira sesión plenaria da **decimo primeira corporación municipal de Castrelo do Val**, desde a entrada en vigor da Constitución de 1978; primeira deste concello na que o Secretario que suscribe ocupou o seu posto.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

